

## EN EUROPA , ALEMANIA E FRANCIA REPARTEN O BACALAO

Os demais habitantes do vello continente están a mercé deles, e teñen que manter o EURO a costa dos das clases traballadoras.

No tocante a ESPAÑA, iso parece cando Zapatero felicita pola súa paternidade a un primeiro ministro francés que a acolle cunha superioridade doadamente detectable, ou cando a cancilleira alemá lles sigue a dicir, aos políticos españois que teñen que seguir a facer restructuracións necesarias. Os italianos e os griegos, están xa ao límite, os irlandeses xa nin van votar e os portugueses teñen un 23 % sobre o precio dos produtos, imposto do valor engadido, que o usan para pagar os intereses dos últimos cartos que lle prestaron.

A economía dun ESTADO non é igual ca dunha casa. Nos Estados Gástase máis do que se Ingresa porque se conta con recursos transformables en RIQUEZA. Aconsellados pola Merquel e os asesores desta, todos os políticos están aplicando políticas en contra desto. Están recortando en inversións, construcións, medicina, educación. Están creando máis paro, están subindo impostos sen parar, están apretando o pobo, á Clase que Non É ALTA.

Un bó consello sería decirlles aos políticos que non é bó tempo para seguir roubando, que deixen de roubar, que vixien o percorrido do diñeiro, que den exemplo baixando o soldos, subíndose as retencións, baixándose eles mesmos as súas xubilacións ....

Sentíndome cá raza europea da miña terra, galega. Non desexo dominio imposto algún no territorio que abrangue, con respecto ás decisións relevantes que para o futuro de Gallaecia, se están tomando na directiva da Unión Europea, máis einda cando se está a destrozar todo o feito ata agora, nin eu, nin creo que ningunha das outras persoas da miña clase que viven na súa terra nai e que están a mirar a escena tal e coma eu.

### **NIN PESCA, NIN CARNE, NIN LEITE, NIN AGRICULTURA, NIN FABRICAS, NIN INDUSTRIAS**

Eu pediría liberdade para, que os países de EUROPA que así o consideren necesario e imprescindible para a súa recuperación, sairse da moeda antes de aplicarlle ao pobo ese tipo de medidas que o único que nos vai a facer é levar a outra guerra. Decirlles aos que pensen que estou tola e que isto non debería de ocorrer que, ante todo, somos ESTADOS independentes e debemos de permanecer ceibes, libres de decidir por nos mesmos.

Tal e como está hoxe o prezo combustible xa non é viable traballar o campo, nin sembrar nada, así que non se preocupen de que nos coste máis o petróleo porque se pague en dolares si volvemos a ter unha moeda menos valiosa que o EURO. Cós impostos que ten o combustible hoxe por hoxe, e o prezo das provisions en orixe tan baixos, ¿que empresa pode resultar rentable?

Confiaría nesa Europa digna de respecto e non de risa, que parece que é o papel que interpreta nestes momentos diante doutros pobos do planeta.

Propuestas para crear empleo y bienestar social en España [Hay alternativas](#)  
Vicenc Navarro, Juan Torres López, Alberto Garzón Espinosa

NOTA DO 20/11/2011

LOGO DA GUERRA CIVIL, NA POSGUERRA, GALICIA ENVIABA AS CIDADES, CAMIONS DE ALIMENTOS PARA SACIALA FAME. RECORDAN AINDA QUE A LEVABA A GUARDIA QUE TIÑAN QUE FACER PARA QUE A XENTE NON SE LLE AVALANCHARA ENRIBA PARA ROBARLLELA MERCANCIA.

DAQUELA EN GALICIA NON HABIA MAQUINARIA E TODO O TRABALLO SE FACIA A MAN. CONTAN OS VELLAS QUE AS TERRAS ESTABAN TODAS TRABALLADAS, AS PATACAS NON VIÑAN DE OUTROS SITIOS SENON QUE EIQUI MESMO HABIA SITIOS ADICADOS A PREPARAR AS PATACAS DA SEMENTE. EN GALICIA HABIA CAMPOS DE CENTEO, DE TRIGO E CEBADA, CAMPOS DE MILLO, CAMPOS DE REMOLACHA, CAMPOS DE NAVOS E O QUE NON HABIA ERA NADA AO MONTE.

AS POLITICAS DESTROZARON TODO. SE POR ALGUN MOTIVO HOUBERA QUE VOLTAR A MANDAR ALGO AS CIDADES... QUE NON CONTEN CO CAMPO GALEGO, EIQUI XA NON SE PRODUCE NADA MAIS QUE MONTE.